

GRIAL

PP
601
138

138

ABRIL, MAIO, XUÑO

TOMO XXXVI / 1998

O NACIONALISMO HOXE

RAMÓN MÁIZ:

A reconstrucción teórica do nacionalismo e as demandas políticas da democracia.

KLAUS-JÜRGEN NAGEL:

A unificación europea. ¿Unha nova escena posible para os nacionalismos non estatais?

XUSTO G. BERAMENDI:

Identidade, etnicidade e Estado na España contemporánea.

JOSÉ ÁLVAREZ JUNCO:

O proceso de construción nacional na España do século XIX.

PERE ANGUERA:

O nacionalismo catalán.

JOSÉ LUIS DE LA GRANJA SAINZ:

O nacionalismo vasco heterodoxo no século XX.

XOSÉ M. NÚÑEZ SEIXAS:

Radicais e pragmáticos: do nacionalismo galego a finais do século XX.

XUSTO G. BERAMENDI / XAVIER CASTRO:

Entrevista con Borja de Riquer.

Os labirintos do corpo

- LOURDES MÉNDEZ. *Os labirintos do corpo. Manipulacións ideolóxicas, saberes científicos e obras de arte*. Edicións A Nosa Terra, Vigo, 1998.

A Filosofía, como tamén a Ciencia e a Arte na tradición occidental, en cada período histórico, pensa e actúa sobre o corpo humano, isto é, define, constrúe, mediante a clasificación, a normativación, a xerarquización, a diferenciación dos corpos do xénero humano. O libro de Lourdes Méndez responde a unha lectura antropolóxica que pon de manifesto as construcións culturais, sociais, históricas que operan sobre os corpos humanos e, consecuentemente, sobre as identidades, nas sociedades occidentais. Esta lectura toma como fío conductor os saberes científicos e as formas artísticas de representar o mundo e os corpos humanos xa que científicos e artistas, desde os

seus saberes e formas de facer, xeran as imaxes dominantes sobre a natureza do humano e sobre o corpo humano. Agora ben, a autora chama a atención sobre a especificidade desta final de século pero, ó igual que aconteceu noutras épocas anteriores —sinala—, “chégannos contradictorias mensaxes tanto sobre a Natureza do Humano como sobre o Corpo humano”. Esas mensaxes contradictorias van desde o “imperio do corpo” ata a potencialidade crítica das imaxes dos corpos que transmiten as obras artísticas desta fin de século. A lectura antropolóxica desenvólvese a partir dunha posición crítica explícita, a que cuestiona que os coñecementos científicos e as obras de arte sexan entendidas como a Verdade, como as subministradoras da “Verdade sobre o Humano, sobre a súa esencia, e rastreal a través do corpo das persoas”, de aí que haxa que “desmontar” este erro tan habitual de sacralizar á ciencia e á arte, de esencializar as diferencias. Ó longo das páxinas que compoñen o texto, este labor crítico abórdase con claridade expositiva, sintética e rigorosidade, froito dun minucioso traballo analítico e de documentación.

Os *labirintos do corpo* ofrécenos una narración que vai debullando a perplexidade que suscitan os corpos humanos e os procesos de construción do seu significado social: teatros anatómicos, gabinetes de cera, coñecementos médico-anatómicos, o xurdimento da fisiognomía e a frenoloxía, a importancia da representación científico-artística do corpo e do rostro humano, e a atención ás diversas polémicas sobre as diferencias desde o século XV ó XVIII, especialmente as diferencias “naturais”, “esenciais” entre o corpo das mulleres e o dos homes e tamén entre “razas”. Mais será coa constitución do Home como obxecto de estudio que esas marcas corporais, sobre as que se proxecta un conxunto de criterios discriminatorios, veñan a configurarse científica e socialmente coma un organismo —o corpo— que “encerra unha verdade que debe ser desvelada e que o seu comportamento sexa interpretado como signo externo desa mesma e oculta verdade”. Coa Modernidade aparecen os distintos corpos do “outro”: o salvaxe, a muller e o obreiro, o pobre, o criminal, o louco. Estas figuras arquetípicas son representacións ideolóxicas, máis concretamente, a do salvaxe, a muller e o obreiro, responden a un obxectivo político: “consolidar e lexitimar unha orde social baseada na dominación dos homes sobre as mulleres, na colonización dos “salvaxes” por parte dos “civilizados” e na explotación dos obreiros por parte das clases economicamente dominantes”. A isto contribúen decisivamente, como subliña a autora, as ciencias e as artes. Un dos aspectos salientables desta parte da narración resulta da constatación de que as imaxes do corpo humano que se recollen nas obras de arte non son neutras. A crítica a unha concepción idealista-contemplativa da arte, desvencellando os produtos artísticos do seu contexto social, histórico e cultural é un elemento fundamental na liña argumentativa que permite non só desmontar a crenza en “verdadeiras obras de arte”, senón tamén para comprendermos a importancia da expresión artística na construción dos arquetipos. O paso dos observadores do Home ós antropólogos (mediado o século XIX) e o papel que, desde esta perspectiva, xogan as Exposicións Universais queda claramente reflectido co caso do pigmeo Ota Benga.

Baixo os rótulos “Corpos entre a vida e a arte: ‘rituais’ artísticos e contextos sociais” e “O quebracabezas do corpo: reinventar a natureza do humano”, Lourdes Méndez lévanos polo terreo das producións artísticas para achegarnos ás representacións do corpo humano a través da *Body Art* (arte corporal) ou da *Performance* (representación, acción), nos anos setenta, para amosar o sentido que acada a utilización por parte dos artistas do seu propio corpo, dos seus fluídos corporais como materiais de arte. A súa fascinación polos “rituais” das sociedades “etnográficas” e a conversión do artista nunha sorte de chamán, marcan as características desta etapa: a búsqueda da súa propia identidade como artistas, tratar de implicar a un público amplo e heteroxéneo e innovar na arte occidental. Comeza o tempo das identidades. “Corpos entre a vida e a arte”, dinos a autora, reflicte a idea conductora deste capítulo, isto é, “os reiterados vaivéns que, desde principios do século XX, certos artistas occidentais mantiveron cos seus propios corpos e cos dos demais, ó entendelos como materia de arte”. Certamente, a exposición e os exemplos empregados dan boa conta deses vaivéns. Nos oitenta hai unha volta á figuración. Nos anos noventa, o “imperio do corpo” na arte e na vida dos e das occidentais explícase desde diversos factores pero insístese na novidade destes anos de final de século: o impacto das teorías posmodernas, os complexos códigos visuais, a substitución dos mapas do corpo anatómicos pola xenética, realidade virtual, cirurxía estética... novos arquetipos (Top Models, elección de *misses* e *misters*), ás voltas coa/s identidade/s. A novidade dos noventa concrétese na presentación do corpo “como un labirinto cheo de posibilidades que cómpre explorar” e así comprender a natureza do humano e a nosa propia identidade. As reflexións finais de Lourdes Méndez, “Por volta do século XXI”, pñennos sobre aviso dos límites desa exploración dos labirintos do corpo, tanto desde as ciencias como desde as artes: que esa exploración non conleve minimizar ou inferiorizar as persoas que encarnan eses corpos. Non obstante, subliña o potencial crítico dunha sorte de “arte social” dos noventa que se plasma nas obras creadas por artistas pertencentes a colectivos histórica e socialmente “diferentes e inferiores”. Cabería quizais só unha suxestión, ó noso entender, a de complementar ou apontoar este esforzo antiesencialista e desacralizador dos saberes científicos e das obras de arte facendo fincapé na “somatofobia” que xera boa parte do pensamento occidental, que acompaña e resulta das diversas construcións, dos intentos de idealización e de abstracción, mesmo nun momento no que predomina o “imperio do corpo”. En definitiva, como xa se destacou, chégannos mensaxes contradictorias, haberá pois que seguir atentamente a reinvencción do humano e os seus corpos e para esa tarefa a lectura de *Labirintos do corpo* é un excelente exercicio.